



CONCELLO DE NOIA

## PROPOSTA DO GOBERNO LOCAL DE NOIA

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os veciños e veciñas dos núcleos de Orro e Vilanova, pertencentes ao concello de Noia, levan reivindicando dende fai moito tempo unha mellora na seguridade vial na estrada AC-550, petición que o Goberno Local de Noia asumimos e compartimos, dado que entendemos que imprescindible que a Xunta de Galicia invirta en seguridade viaria para evitar situacións dramáticas, que xa se teñen vivido e que todos desexamos que non se produzan.

A posta en funcionamento do corredor Noia-Brión, xunto á autovía Brión-Santiago, ten incrementado as altas densidades de tráfico rodado que ten a citada estrada ao paso por estes núcleos de poboación o que ten suposto que se agrave a situación de desprotección na que se atopan moitos veciños.

Nos últimos anos construíuse unha rotonda en Orro que permite a distribución do tráfico entre o viaducto sobre a ría de Noia, a ponte de Ceilán en dirección a Muros e a AC-550 en dirección á vila de Noia. Dende o Goberno Local consideramos imprescindible para garantir a seguridade viaria que se procede á súa iluminación así como á posta en funcionamento do alumeadado da ponte de Ceilán que une Noia con Outes, ambas infraestruturas son de titularidade autonómica e están ubicadas nunha estrada (AC-550 de titularidade autonómica).

Cabe recordar ademáis que os desprazamentos por parte dos veciños para poder acceder a terreos de cultivo ou para facer un desprazamento a pé entre vivendas dos citados núcleos só pode facerse a través da propia estrada AC-550 o que supón unha anomalía e un grave problema para os cidadáns de tódolos núcleos xa citados.

No denominado cruce da Barquiña existe dende fai moitos anos un serio problema en termos de seguridade viaria, e polo de agora a administración titular da estrada AC-550, que é a Xunta de Galicia, sigue sin adoptar ningunha decisión. O Goberno Local de Noia considera imprescindible que se actúe por parte da Xunta de Galicia para resolver esta situación e se arbitre a solución técnica máis axeitada para a xestión do tráfico neste cruce.

**CONCELLO DE NOIA**



Dende o Goberno Local coincidimos plenamente coa petición dos veciños e impulsamos a búsqueda dunha solución. Por iso consideramos que a Xunta de Galicia que é a administración competente en materia de estradas e seguridade viaria debe atender con urxencia esta reivindicación dos veciños dos núcleos noieses de Orro e Vilanova e dispoñer con celeridade a redacción dun proxecto para mellorar a seguridade viaria neste tramo da AC-550.

Polo anteriormente exposto, o Goberno Local de Noia propón ao pleno da Corporación o seguinte acordo:

1.-Solicitar que a Xunta de Galicia, administración competente en materia de seguridade viaria e titular da AC-550, proceda a dotar de iluminación e sinalización á rotonda de Orro e á ponte de Ceilán, que une Noia con Outes, como xa se ten feito co viaducto sobre a ría de Noia.

2.-Instar á Xunta de Galicia a:

A) Incluir, dentro dos plans autonómicos de estradas, como prioritaria a mellora da seguridade viaria no tramo da estrada AC-550 ao seu paso polos núcleos de Orro e Vilanova, tendo en conta a grave inseguridade actual.

B) Redactar con urxencia un proxecto que garantice a mellora da seguridade viaria no tramo que discorre entre a ponte de Ceilán e os núcleos de Orro e Vilanova (Concello de Noia), dotando con beirarrúas ou sendas peonís o citado tramo para posibilitar os desprazamento dos peóns con un mínimo de seguridade.

C) Incorporar nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2016 unha partida específica para a urxente execución do citado proxecto en materia de seguridade viaria no tramo que discorre entre a ponte de Ceilán e os núcleos de Orro, Vilanova e o denominado cruce da Barquiña.